



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Unión Europea, constitución e medio ambiente

Materia	Unión Europea, constitución e medio ambiente			
Código	O03G081V01913			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Movilla Pateiro, Laura			
Profesorado	Movilla Pateiro, Laura			
Correo-e	lauramovilla@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é que o alumno sexa capaz de comprender, analizar e manexar a complexa, diversa e dispersa regulación do medio ambiente, desde unha dimensión nacional, internacional e comunitaria			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.			
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.			
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual			
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica			
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar			
C37	CE45 - Coñecer a estrutura organizativa e institucional da UE, así como o Ordenamento xurídico comunitario e as súas fontes e incidencia no ordenamento nacional así como as súas relacións co ordenamento xurídico internacional			
C38	CE46 - Ser capaz de manexar e interpretar o ordenamento xurídico comunitario			
C82	CEI 35 - Coñecer os principios xurídicos comunitarios que rexen a creación dun mercado único europeo e as características básicas dalgunhas políticas comunitarias.			
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.			
D2	Uso de linguas estranxeiras nas actividades das diferentes materias.			
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.			
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.			
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.			

## Resultados previstos na materia

O obxectivo desta materia é que o alumno sexa capaz de comprender, analizar e manexar a complexa, diversa e dispersa regulación do medio ambiente, desde unha perspectiva nacional, internacional e comunitaria	A1	B1	C37	D1
	A2	B2	C38	D2
	A3	B3	C82	D3
	A4	B4		D4
	A5			D5

**Contidos**

## Tema

## BLOQUE I

Tema 1: A protección do medio ambiente no constitucionalismo europeo	<ol style="list-style-type: none"> <li>Os precedentes do dereito ambiental do século XIX</li> <li>A consolidación do medio ambiente como defensa global e sistemática da natureza</li> <li>A tutela do medio ambiente: unha función básica da Unión Europea</li> </ol>
Tema 2: A obriga constitucional do conservar o medio ambiente como contido do Estado social: principio reitor da política social e económica	<ol style="list-style-type: none"> <li>O medio ambiente, ben ou interese colectivo, recoñecido en beneficio directo da sociedade</li> <li>Uso racional dos recursos naturais e Estado social</li> </ol>
Tema 3: O medio ambiente na Constitución de 1978: o artigo 45 da CE e a súa conexión con outros dereitos constitucionais	<ol style="list-style-type: none"> <li>A conexión entre medio ambiente e desenvolvemento da persoa</li> <li>Dereitos constitucionais conectados co dereito do medio ambiente</li> </ol>
Tema 4: Natureza xurídica do dereito a gozar dun medio ambiente adecuado	<ol style="list-style-type: none"> <li>Matizado carácter do dereito a gozar dun medio ambiente adecuado</li> <li>A complexa armazón do medio ambiente e a determinación do lexislador</li> </ol>
Tema 5: A función pública de protección do medio ambiente	<ol style="list-style-type: none"> <li>O mandato expreso do art. 45 aos poderes públicos</li> <li>A repartición competencial do medio ambiente e a súa aplicabilidade</li> <li>Relevancia da administración local</li> </ol>
Tema 6: O dereito ao medio ambiente na xurisprudencia constitucional española	<ol style="list-style-type: none"> <li>A apertura do recurso de amparo fronte a danos ambientais, sentenza do TC e TEDH</li> <li>Incidencia do carácter complexo do medio ambiente na repartición competencial segundo o TC</li> </ol>

## BLOQUE II

Tema 7: Orixe e evolución do Dereito Internacional do Medio Ambiente	<ol style="list-style-type: none"> <li>Introdución</li> <li>Fase conservacionista</li> <li>Fase de loita contra a contaminación</li> <li>Fase do desenvolvemento sustentable</li> <li>Desenvolvementos recentes</li> </ol>
Tema 8: Fontes do Dereito Internacional do Medio Ambiente	<ol style="list-style-type: none"> <li>Introdución</li> <li>Tratados multilaterais ambientais</li> <li>Principios xerais do Dereito Internacional do Medio Ambiente</li> <li>O soft law e a protección internacional do medio ambiente</li> </ol>
Tema 9: A aplicación do Dereito Internacional do Medio Ambiente	<ol style="list-style-type: none"> <li>A dimensión institucional do Dereito Internacional do Medio Ambiente</li> <li>Mecanismos de control da aplicación do Dereito Internacional do Medio Ambiente</li> <li>Responsabilidade internacional e mecanismos de resolución de controversias ambientais internacionais</li> </ol>
Tema 10: A Unión Europea e o Medio ambiente: a Política de medio ambiente	<ol style="list-style-type: none"> <li>Orixe e desenvolvemento da política ambiental da UE</li> <li>Configuración actual da política ambiental da UE</li> <li>O Pacto Verde Europeo</li> </ol>
Tema 11: A aplicación da política de medio ambiente da Unión Europea	<ol style="list-style-type: none"> <li>Os procedementos de adopción da política ambiental da UE</li> <li>O control da aplicación da política ambiental da UE</li> </ol>
Tema 12: A acción exterior da UE en materia ambiental	<ol style="list-style-type: none"> <li>A competencia exterior da UE en materia ambiental</li> <li>A UE como líder ambiental global</li> </ol>

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	33	50	83
Traballo tutelado	10	29	39
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	8	18	26

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

Descrición

Lección maxistral	Na sesión maxistral presentarase ao alumno os conceptos fundamentais da materia
Traballo tutelado	Os traballos na aula dividiranse en diversas actividades nas que o alumno adquire un protagonismo fundamental. Estas actividades centraranse, basicamente, na realización de prácticas e exposición de traballos nas que o alumno debe saber manexar os diferentes instrumentos xurídicos: nacionais, internacionais e europeos

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Tanto na sesión maxistral como no horario de tutorías o alumno poderá expor todas as cuestións ou dúbidas relativas á materia. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros da plataforma de teledocencia ...) baixo a modalidade de concertación previa. Prof. <sup>a</sup> Laura Movilla: <a href="http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/laura-movilla-pateiro/">http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/laura-movilla-pateiro/</a> ; Prof. Jaime Pintos: <a href="http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/jaime-antonio-pintos-perez/">http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/jaime-antonio-pintos-perez/</a>
Traballo tutelado	Tanto nas sesións de traballo en aula como nas tutorías o alumno poderá expor todas as dúbidas relativas ás prácticas expostas. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros da plataforma de teledocencia ...) baixo a modalidade de concertación previa. Prof. <sup>a</sup> Laura Movilla: <a href="http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/laura-movilla-pateiro/">http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/laura-movilla-pateiro/</a> ; Prof. Jaime Pintos: <a href="http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/jaime-antonio-pintos-perez/">http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/jaime-antonio-pintos-perez/</a>

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os coñecementos adquiridos na sesión maxistral serán avaliados mediante 2 probas escrita na que se exporán cuestións de desenvolvemento sobre epígrafes do programa. A mediados do primeiro cuadrimestre, unha vez terminada a impartición da materia pola área de Dereito Constitucional terá lugar o primeiro exame parcial, que se valorará cun máximo de 4 puntos (40%). Unha vez terminado o cuadrimestre e o segundo bloque da materia impartido na segunda metade do cuadrimestre pola área de Dereito Internacional, celebrárase o exame teórico parcial desta parte na data de celebración do exame aprobada en Xunta de Facultade para o curso 2023-2024 para a convocatoria de xaneiro. Igual que o anterior, este exame valorárase até un máximo de 4 puntos (40%).  Resultados de aprendizaxe: O obxectivo desta materia é que o alumno sexa capaz de comprender, analizar e manexar a complexa, diversa e dispersa regulación do medio ambiente, desde unha perspectiva nacional, internacional e comunitaria	80	A1 B1 C37 A2 B2 C38 A3 B3 C82 A4 B4 A5
Resolución de problemas e/ou exercicios	O traballo na aula valorárase en atención aos traballos prácticos que serán obxecto de exposición na aula. Esta proba valorárase até un máximo de 2 puntos (20%) -1 punto (10%) por área de coñecemento-.  Resultados de aprendizaxe: O obxectivo desta materia é que o alumno sexa capaz de comprender, analizar e manexar a complexa, diversa e dispersa regulación do medio ambiente, desde unha perspectiva nacional, internacional e comunitaria	20	A1 B1 C37 D1 A2 B2 C38 D2 A3 B3 D3 A4 B4 D4 A5 D5

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Esta materia impartirase por dúas áreas de coñecemento: Dereito Constitucional e Dereito Internacional Público. A área de Dereito Constitucional impartirá esta materia durante a primeira metade do primeiro cuadrimestre (bloque I) e a área de Dereito Internacional Público durante a segunda metade do primeiro cuadrimestre (bloque II).

Esta materia ten dúas modalidades de avaliación: continua e final. Neste sentido, habilitárase un prazo de 10 días ao comezo do cuadrimestre para que o alumnado matriculado, manifieste, formalmente, o sistema de avaliación que desexa seguir.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN CONTINUA PARA 1ª EDICIÓN DE ACTASO alumnado que opte pola avaliación continua, realizará ao longo do curso as diferentes probas descritas na apartado avaliación desta guía, é dicir: 1) un exame parcial a metade de cuadrimestre sobre o temario explicado na primeira metade (correspondente á área de Dereito Constitucional, temas 1 a 6); 2) outro exame parcial na data establecida no calendario de exames da Facultade para a convocatoria de Xaneiro (correspondente á área de Dereito Internacional Público,**

temas 7 a 12), así como 3) a resolución de casos prácticos que se exponrán nos grupos medianos. Para poder seguir a modalidade de avaliación continua o alumnado deberá asistir a un 80% das clases prácticas, nas que se poderá conseguir un máximo de 2 puntos (1 por cada área). Con cada un dos 2 exames parciais os alumnos poderán conseguir un máximo de 4 puntos. Será necesario alcanzar polo menos 2 puntos en cada un deles.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN FINAL PARA 1ª EDICIÓN DE ACTAS** Aqueles alumnos que non se sometan á avaliación continua, a proba para realizar, modalidade avaliación final, constará de dous partes: a realización dunha proba escrita con cuestións de desenvolvemento, así como a resolución dun caso práctico. A proba escrita cualificarase sobre un máximo de 8 puntos (4 puntos por cada área de coñecemento) e a resolución do caso práctico sobre un máximo de 2 (1 punto por cada área de coñecemento). A nota da resolución do caso práctico só llo seu sumará á da proba escrita a condición de que a cualificación obtida nesta sexa igual ou superior a 4, sendo necesario superar as dúas partes do exame (é dicir, alcanzar polo menos un 2 nas preguntas de cada unha das dúas áreas de coñecemento). En todo caso, as competencias e resultados de aprendizaxe avaliados serán os mesmos que no sistema de avaliación continua.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2ª EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARRERA** 1. Os alumnos que, optando polo sistema de avaliación continua non superen a materia na primeira oportunidade, conservaráselles a nota das clases prácticas e, no seu caso, do exame parcial que superasen (para o exame de xuño e no seu caso, seguinte curso académico), tendo que realizar exclusivamente e con carácter obrigatorio, o exame parcial da área de coñecemento que non superasen, do mesmo xeito que na primeira oportunidade. Só se sumará a cualificación das clases prácticas e do parcial superado se no exame parcial da área de coñecemento correspondente alcánzase unha nota igual ou superior a 2 puntos (sobre 4). As competencias e resultados de aprendizaxe avaliados serán os mesmos que na primeira edición de actas. 2. Aqueles alumnos que optasen polo sistema de avaliación final, o sistema de avaliación será o que se establece nos criterios de avaliación final 1ª edición de Actas. 3. A avaliación correspondente á Convocatoria Fin de carreira será igual que a modalidade de sistema de avaliación final descrita nesta guía. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes materias serán as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o Curso 2023-2024.

**Publicación das cualificacións:** As cualificacións publicaranse no plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e a todo o alumnado matriculado.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Díez de Velasco, M, **Instituciones de Derecho Internacional Público**, Última edición,

Rodrigo, A.J, **El desafío del Desarrollo sostenible**, 2015,

Juste Ruiz, J; Castillo Daudí, M, **La protección del medio ambiente en el ámbito internacional y en la Unión Europea**, 2014,

Atienza García, J.F, **Manual de Derecho Ambiental**, 2001,

Díez Picazo, L.M, **Constitucionalismo de la Unión Europea**, 2002,

Ruiz Rico, G, **El derecho constitucional del medio ambiente: Dimensión jurisdiccional**, 2001,

#### **Bibliografía Complementaria**

Bustillo Bolado, R.O; Gómez Manresa, M.F, **Desarrollo sostenible: análisis jurisprudencial y políticas públicas**, 2014,

Kramer, L y otros, **Derecho medioambiental de la Unión Europea**, 2009,

Kramer, L, **EU Environmental Law**, 2015,

Juste Ruiz, J, **Derecho Internacional del Medio Ambiente**, 2000,

Lozano Cutanda.B, **Derecho ambiental administrativo**, 2003,

Alzaga, O, **Comentarios a las leyes políticas. Constitución Española de 1978, vol. IV**, 1985,

Bodansky, D, **The art and craft of International Environmental Law**, 2011,

Peeters, M and Eliantonio, M. (edits.), **Research Handbook on EU Environmental Law**, 2020,

Hey, E, **Advanced introduction to International Environmental Law**, 2016,

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Dereito: Dereito constitucional I/O03G081V01103

Dereito: Dereito constitucional II/O03G081V01204

Dereito da Unión Europea/O03G081V01304

Dereito internacional público/O03G081V01303